


Os piéridos (familia Pieridae) son bolboretas de tamaño medio que presentan na súa grande maioría cores brancas, amarelas ou verdes claras en ocasións salpicadas de pequenas manchas negras. Posúen tres pares de patas do mesmo tamaño aptas para a marcha e acostuman a presentar un dimorfismo sexual marcado. O seu voo é vagaroso na maioría das especies. Os máis comúns son:



... brancas

Pieris rapae



Pequena mancha negra no ápice das ás dianteiras

Pieris napi




Reverso das ás raiado en verde grisáceo

Pieris brassicae



Grande mancha negra no ápice das ás dianteiras

Leptidea sinapis



Cor grisácea esvaecida e mancha apical gris arredondada

Aporia crataegi



Veas negras moi visibles nas catro ás



... branquiverdosas

Euchloe crameri




Ás traseiras con fondo verdoso salpicado de pequenas manchas brancas

Pontia daplidice



Bordo das ás traseiras a xeito de reberete arredondado

Anthocharis cardamines



Femia: branca no anverso co ápice gris nas ás dianteiras

Anthocharis cardamines



Macho: branco no anverso co ápice das ás dianteiras de cor laranxa

Anthocharis euphenoides




Reverso das ás traseiras con marelo e verde e ápice laranxa no anverso




... verdes e marelas

Gonepteryx rhamni




Contorna de folla. Machos de cor verdosa e femias de cor abrancazada

Gonepteryx cleopatra



Contorna de folla. Machos laranxas e femias abrancazadas

Colias crocea



Amarelada forte cos bordos negros no anverso

Colias alfacarensis



Amarelada pálida cos bordos negros no anverso, case ausentes nas ás traseiras